



2021 - 2023

CONTRATO PROGRAMA
PLURIANUAL



ANEXO I

ÍNDICE

1 PARTE INTRODUTORIA.....	2
Natureza e réxime xurídico	2
Competencias	3
Acreditación da competencia técnica como laboratorio de ensaio	3
A importancia do Intecmar	4
Eixos de actividade.....	5
Situación actual derivada da pandemia da COVID-19	8
Planificación estratéxica	9
Estrutura organizativa	10
2 OBXECTO E ESTRUTURA DO CONTRATO PROGRAMA	11
3 VIXENCIA DO CONTRATO	12
4 MISIÓN E VISIÓN.....	12
Misión	12
Visión	12
5 OBXECTIVOS	12
Obxectivos estratéxicos.....	13
Obxectivos operativos e actuacións	14
Cadro de mando	25
6 MARCO XERAL DE RECURSOS HUMANOS	28
7 MARCO ECONÓMICO-FINANCEIRO	29
8 COMPROMISOS DAS PARTES	31
9 COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL.....	31
10 BENEFICIOS E RESPONSABILIDADES.....	32
11 PROCEDIMENTO PARA A INTRODUCCIÓN DE MODIFICACIÓNES OU ADAPTACIÓN.....	33
12 OUTROS.....	34





1 PARTE INTRODUTORIA

Natureza e réxime xurídico

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (en diante, Lei de creación) configura este como un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins. O seu regulamento apróbase mediante Decreto 41/2005, do 17 de febreiro. O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (en diante, Intecmar) figura entre as entidades públicas instrumentais adscritas á Consellería do Mar, a teor do artigo 2 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica desta consellería, en concordancia co artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en diante, Lofaxga). Así mesmo, o instituto someterá a súa actividade ao dereito privado salvo cando exerza potestades administrativas ou nos casos establecidos na súa lei de creación ou noutras disposicións legais.

O Intecmar ten súa sede no Peirao de Vilaxoán, s/n, en Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, situado en terreo público da entidad Portos de Galicia. As instalacións, inauguradas en 1992, complementáronse con diferentes ampliacións, a máis recente das cales se produciu 2009. Na actualidade, dispón de 3.600 metros cadrados de superficie útil.

O artigo 80 da Lofaxga regula os contidos xerais do contrato plurianual de xestión que deben elaborar as axencias públicas autonómicas. Así mesmo, o artigo 17 da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, identifica esta clase de contratos cos contratos programa, cuxo ámbito de aplicación se estende a outras entidades públicas, como é o caso do Intecmar. Neste sentido, o Consello da Xunta aproba, o día 8 de marzo de 2012, a Instrucción pola que se regula o procedemento para a elaboración dos contratos de xestión ou contratos programa e a composición das comisións de control e seguimento de tales contratos.





Localización e vista aérea do Intecmar no peirao de Vilaxoán


Competencias

A Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Intecmar, designa este como "o instrumento oficial da Comunidade Autónoma de Galicia, para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico-científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de producción en augas competencia da Comunidade Autónoma", contribuíndo á súa protección e mellora e á aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar.

Na súa creación, o Intecmar herdou as competencias, o persoal e as instalacións do antigo Centro de Control do Medio Mariño, integrado daquela na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos co rango de dirección xeral, que exercía as funcións relativas á calidade das augas e á produción de moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, segundo o disposto no Decreto 125/2002, do 4 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica desa consellería.

Acreditación da competencia técnica como laboratorio de ensaio


Para poder realizar os controis oficiais, en cumprimento do disposto no artigo 37 do Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizadas para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas de saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, o Intecmar ten a obriga de estar acreditado segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17.025, "Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e calibración", na que se recollen todas as condicións que debe cumplir un laboratorio de ensaio para demostrar que posúe un sistema de xestión e que é tecnicamente competente e capaz de xerar resultados válidos.





A Entidade Nacional de Acreditación (en diante, ENAC) acredita ao Intecmar para realizar as das análises físico-químicas, microbiolóxicas, virolóxicas, patolóxicas e toxicolóxicas en moluscos bivalvos e outros produtos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, segundo se recolle no correspondente anexo técnico, co número 160/LE/394.

AUDITORÍAS ENAC REALIZADAS A INTECMAR



A Acreditación do Intecmar data do ano 2005, ao ratificarse a que xa gozaba o Centro de Control do Medio Mariño dende 1999, e ampliouuse o seu alcance en sucesivas datas: setembro de 2008, febreiro 2011, setembro 2012, decembro 2017, xaneiro 2019, xullo 2020 e xullo 2021. A vixencia da Acreditación avalíase sistematicamente mediante auditorías anuais.

A importancia do Intecmar

O Intecmar é un centro clave para o marisqueo e a acuicultura, sectores produtivos nos que Galicia é líder entre as rexións europeas, e de capital importancia económica e social en toda a franxa costeira galega porque co labor que desenvolve permite a comercialización con garantías hixiénico-sanitarias dos moluscos producidos na Comunidade Autónoma. Estas dúas actividades constitúen os únicos factores





dinamizadores da economía local na maior parte dos concellos costeiros, como pode constatarse no cultivo do mexillón (*Mytilus galloprovincialis*), principal produto da acuicultura galega, cunha producción media anual de 250.000 toneladas, o que sitúa a Galicia no 95 % da producción española desta especie, o 37 % da europea e o 21 % da mundial.

As cifras de producción conséguense grazas a que unhas 13.000 persoas traballan na acuicultura do mexillón. A Consellería do Mar ten expedidos 4.123 permisos de explotación para exercer o marisqueo a pé, entre cuxos titulares hai un 90 % de mulleres. E existen 2.589 embarcacións autorizadas para marisqueo a flote, nas que se enrolan uns 3.900 mariñeiro mariscadores.

Os resultados das análises realizadas no Intecmar transmítense durante todo o ano aos distintos departamentos da Administración autonómica de Galicia relacionados tanto coa pesca, o marisqueo e a acuicultura, como coa seguridade alimentaria; á Administración xeral do Estado; ás entidades sectoriais do marisqueo e da acuicultura; e póñense, en xeral, á disposición da sociedade. As principais vías de comunicación son o sitio web www.intecmar.gal, o envío de correos electrónicos e o teléfono, cuxos datos globais se detallan no cadro seguinte:

Páxinas web - Información xeral completa	>7.000 usuarios únicos >1.000.000 consultas / mes
Correo electrónico - Servizo de Aviso Rápido: envío das resolucións de peches/aperturas das zonas de producción. - Informes de recontos de fitoplancto - Informes de ensaio	Receptores Envíos 541 > 20.000 correos/mes 103 ~ 2000/mes 10 ~ 250/mes
Teléfono - Consultas diversas	~ 170/mes

Eixos de actividade

Dado que o principal cometido do Intecmar é dar cumprimento á lexislación vixente en materia de calidade da producción de moluscos e outros organismos mariños e contribuír a protexer e mellorar a calidade do medio mariño, a súa actividade céntrase en facer o seguimento, o control e a investigación da calidade ambiental das augas costeiras de Galicia, especialmente no que se refire ás condicións oceanográficas, fitoplancto, biotoxinas mariñas, contaminación química (metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos) microbioloxía e patoloxía.



Para levar adiante o seu labor, o Intecmar desenvolve tamén iniciativas na loita contra a contaminación mariña accidental e na oceanografía operacional, e ten implantado un completo sistema de control, caracterizado por estar deseñado e ter capacidade para poder actuar sobre unidades de producción de reducido tamaño; por manter unha frecuencia de mostraxe moi intensa; por cubrir todas as zonas de producción da costa galega; e por controlar todos os grupos de especies sometidos a explotación comercial, do marisqueo e da acuicultura.

A actividade do Intecmar agrúpase en tres grandes eixos:

A. Seguridade alimentaria, mediante o control da calidade do medio mariño e a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar, nomeadamente do Regulamento de execución (UE) 2019/627 da Comisión, do 15 de marzo 2019, polo que se establecen disposicións prácticas uniformes para a realización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, de conformidade co Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2074/2005 da Comisión, no que respecta aos controis oficiais.

Neste eixo, o Intecmar ten implantada unha serie de redes de control para o seguimento das condicións oceanográficas, tanto físicas como químicas; o fitoplancto; as toxinas mariñas; os metais pesados; os compostos organoclorados; os hidrocarburos aromáticos policíclicos e a microbioloxía.

B. Sanidade animal, no que atinxe ao seguimento e control patolóxico dende o punto de vista da sanidade animal dos moluscos bivalvos e outros organismos mariños nas zonas de producción da Comunidade Autónoma de Galicia. Os resultados obtidos no Intecmar son trasladados ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en comunicacóns semestrais, solicitadas segundo o Real decreto 526/2014 do 20 de xuño, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obligatoria e se regula a súa notificación, e no informe epidemiolóxico anual da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta información incorpórarse ao informe epidemiolóxico español que o Laboratorio Nacional de Referencia de Enfermidades de Moluscos Bivalvos presenta nas reunións anuais do Laboratorio Comunitario de Referencia no marco do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo ás enfermidades transmisibles dos animais.

Como resumo do copioso traballo analítico levado a cabo polo Intecmar, a seguinte táboa reflicte o número de análises, informes e resolucións emitidos nos últimos anos e clasificados por áreas técnicas.





Número de análises realizadas no programa de control											
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Biotoxinas	11.056	11.244	10.426	9.892	9.690	10.647	9.659	10.204	9.415	11.867	10.608
Microbiotoxía	1.934	2.486	2.613	2.044	2.078	2.602	2.607	2.797	2.127	2.496	1.894
Viroloxía	-	54	267	150	84	153	477	609	552	321	225
Fitoplancto: cuantitativos	2.300	2.231	2.462	2.850	2.838	2.847	2.864	2.872	2.947	2.960	2.066
Fitoplancto: cualitativo	4.643	4.983	5.102	5.397	5.549	5.649	5.858	5.698	5.373	5.236	4.845
Fitoplancto: pigmentos	12.094	12.325	13.032	7.649	6.038	6.026	6.206	6.003	6.350	6.563	6.158
Bioxeoquímica: Nutrientes	37.064	38.193	40.823	37.407	37.042	37.967	37.042	36.580	38.804	38.728	37.099
Bioxeoquímica: TOC	1.889	3.371	3.478	3.133	3.044	3.265	4.002	4.195	4.586	4.617	4.397
Hidrocarburos	1.784	1.449	1.799	1.887	1.557	1.980	1.840	1.800	1.701	1.720	1.336
Metais pesados	1.369	1.348	1.308	1.214	1.403	904	1.116	873	1.314	1.116	810
Organoclorados	2.752	2.309	2.256	1.853	2.264	2.361	2.424	2.245	2.352	2.448	2.328
Patoloxía	6.552	7.230	7.020	7.440	6.972	8.160	7.800	6.780	6.302	7.833	2.730
TOTAL	83.437	87.223	90.586	80.916	78.559	82.561	81.895	80.656	81.823	85.905	74.496

Número de resolucións e informes de seguridade alimentaria e sanidade animal											
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Nº resolucións	187	360	362	449	489	521	512	324	371	325	466
I. Preliminares, i. de ensaio, estado de zonas, plans mostraxe, i. unidades, i. previos á extracción	6.431	7.070	7.781	7.446	7.443	7.571	7.218	7.229	7.686	7.076	6.516

C. Observación do océano, a seguridade marítima e a loita contra a contaminación mariña accidental, así como a prestación do apoio científico e técnico nas emerxencias marítimas, tal como establece o Decreto 135/2016, polo que se regulan a estrutura e a organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan CAMGAL). A necesidade deste plan derívase do intenso tráfico marítimo que transcorre fronte ás costas galegas, con más de 40.000 buques anuais circulando polo dispositivo de separación de tráfico marítimo de Fisterra, o que implica un risco importante de que se produza un incidente que provoque un vertido de substancias contaminantes ao mar, como sucedeu co accidente e posterior afundimento en novembro do ano 2012, do buque petroleiro *Prestige* a 138 millas da costa atlántica galega, fronte ao Cabo Fisterra.

O Plan CAMGAL constitúe o instrumento mediante o que a Xunta de Galicia determina o protocolo de actuación dos distintos departamentos da Comunidade Autónoma con competencia directa nas actuacións en caso de contaminación mariña accidental. O Plan determina tamén a participación das administracións dos concellos costeiros a través dos seus plans de continxencias locais, así como das instalacións situadas na




franxa costeira que manexan hidrocarburos ou substancias nocivas potencialmente perigosas susceptibles de provocar unha contaminación mariña accidental e mais dos portos situados na Comunidade Autónoma.

Este Plan intégrase ademais na resposta establecida pola Administración xeral do Estado segundo se recolle no Sistema Nacional de Resposta ante a contaminación mariña, aprobado polo Real decreto 1695/2012, de 21 de decembro, polo que se aproba o Sistema Nacional de Resposta ante a contaminación mariña. A Unidade de Documentación e Apoio Científico é a encargada de recompilar información científico-técnica relacionada coa contaminación mariña accidental e dar apoio á dirección do Plan nos labores de revisión dos distintos plans e a Unidade de Modelado Oceanográfico coordina a Unidade de Observación Próxima, encargada de realizar un seguimento e predición do comportamento e evolución da contaminación. En colaboración coa Unidade de Integración de Equipos Analíticos e Apoio aos Laboratorios, estas unidades desenvolven distintas ferramentas web que facilitan o acceso á información do Plan e a súa xestión, entre as que destacan a ferramenta XesCamgal e a páxina do Plan (www.plancamgal.gal) desde onde pode accederse aos diferentes visores. Ademais, co obxectivo de obter a documentación e os datos oceanográficos más actualizados posible que, no momento preciso, sexan útiles para a descripción do estado do mar e realizar unha boa predición das derivas da contaminación, as unidades de Documentación e Apoio Científico e Modelado Oceanográfico , xunto con outras institucións, están involucradas no desenvolvemento dunha rede de estacións océano-meteorolóxicas, que proporcionan datos en tempo real. A distribución rápida e fiable destes datos, xunto coas predicións feitas polos modelos, constitúen o núcleo da chamada Oceanografía Operacional, que comprende a actividade rutineira de medidas e mostraxes nos océanos, mares e atmosfera, así como a súa difusión e interpretación, co obxectivo de ser útil para diferentes sectores: industrial, servizos, administrativo, científico, lexislativo e outros.

Situación actual derivada da pandemia da COVID-19

Ante a situación de emerxencia sanitaria provocada pola pandemia derivada da COVID-19, de acordo co Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e coas medidas preventivas para aplicar nos lugares de traballo do sector público autonómico, aprobadas pola Xunta de Galicia, a Dirección do Intecmar identificou unhas funcións consideradas de carácter esencial para poder continuar a prestar o servizo público que ten encomendado: garantir a seguridade alimentaria imprescindible para o abastecemento de produtos do mar á poboación e para que a economía do sector primario galego se resentise o menos posible e os moluscos





bivalvos, en particular, puidesen chegar aos mercados coas máximas garantías sanitarias.

Consideráronse funcións de carácter esencial as de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar, en concreto o control das poboacións fitoplanctónicas, da contaminación microbiolóxica e as biotoxinas mariñas, para garantir a seguridade alimentaria e non por impedimentos ao abastecemento alimentario.

No tempo que durou o dito estado de alarma, o Intecmar non deixou de dar o servizo público que ten encomendado, realizando durante ese tempo un elevado número de análises e emitindo diferentes informes e actos administrativos, como se mostra na táboa seguinte:

Inicio - fin (datas do ano 2020)	Mar	Mar	Mar/Abr.	Abr.	Abr.	Abr.	Abr./Mai	Mai	Mai	Mai	Xuñ.	Xuñ.	Xuñ.	Total	
	16-22	23-29	30- 05	06-12	13-19	20-26	27- 03	04-10	11-17	18-24	25-31	01-07	08-14	15-21	
RESOLUCIÓNS	5	2	4	4	13	10	5	18	18	12	13	8	11	11	134
INFORMES ENSAIO	11	5	5	4	8	7	7	7	8	8	12	10	8	11	111
ESTADO ZONAS	8	10	10	8	14	15	11	22	16	15	14	11	15	13	182
NÚMERO MOSTRAS	70	71	63	50	99	95	84	106	130	111	107	113	123	87	1.309
ANÁLISES BIOTOXINAS	101	101	115	81	130	132	123	153	169	153	162	180	197	162	1.959
ANÁLISES FITOPLANCTO	60	66	63	59	90	103	66	69	81	116	167	241	170	241	1.592
LISTAXES ESPECIES	46	43	43	43	43	44	43	33	55	53	59	46	59	59	669
ANÁLISES MICROBIOLÓXICAS	5	0	2	0	2	0	2	0	44	30	39	34	32	28	218

Na segunda metade do ano 2020 e ano 2021 ata a data do asinamento deste contrato, as medidas preventivas derivadas da COVID-19 que se implementaron no Intecmar contribuíron a que a súa actividade se desenvolvese de xeito normal.

Planificación estratéxica

O Plan Estratégico de Galicia 2015-2020 estrutúrase en 5 eixes prioritarios, 22 prioridades de actuación, 75 obxectivos específicos e 21 obxectivos instrumentais.

Os obxectivos do Intecmar atópanse dentro do eixe prioritario 3, titulado "Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes", no que se atopa a prioridade de actuación PA.3.1, titulada "Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural".





Os retos que pretende acadar o Intecmar inclúense no obxectivo estratéxico OE.3.1.02, titulado "Controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar e garantir a seguridade no mar e coordinar o salvamento marítimo" e o resultado concreto que lle atinxe a este Instituto é acadar un cumprimento do programa de control técnico-sanitario superior ou igual ao 95 % para evitar consecuencias negativas sobre as persoas.

O indicador de cumprimento do dito resultado correspón dese coa porcentaxe de controis efectuados (análises, inspeccións, intervencións por contaminación mariña), fronte ao número de controis programados ao inicio de cada ano (ou no programa de control de cada ano).


Con fin de acadar estes obxectivos, o Instituto ten asignada a súa dotación orzamentaria dentro do Programa de gasto 541C, titulado "Protección e mellora do medio natural marítimo", que comparte con outros órganos directivos da Consellería do Mar.

A Xunta de Galicia está a preparar o PEG 21-30, e dentro deste traballo, elaborou unha matriz DAFO na que se identifican os retos e necesidades de Galicia no 2030. Os obxectivos do Intecmar encaixan perfectamente no apartado 2 titulado, "Dinamizar a cadea de valor completa do sector primario; desde a extracción, producción, transformación e comercialización de produtos do sector primario", e en concreto, no 2.3 titulado, "Fomentar a diferenciación do produto, en relación á posta en valor dos produtos en termos de calidade, producción sustentable, seguridade alimentaria e produtos saudables, para minimizar a competencia por prezo. Impulsar a Marca Galicia."

Estrutura organizativa

A estrutura interna do Intecmar está conformada pola Dirección; a Subdirección; a Xerencia, onde se inclúe a Unidade Económico-Orzamentaria e xestión do persoal; e 13 unidades, das que 10 son analíticas e 3 teñen carácter transversal.





2 OBXECTO E ESTRUTURA DO CONTRATO PROGRAMA

O obxecto do presente contrato programa é establecer o marco de relacóns entre o Intecmar e a Xunta de Galicia e, polo tanto, sinalar os compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución do obxectivo fixado para esta entidade no artigo segundo da Lei de creación, ou sexa, desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para darlle cumprimento formal á lexislación vixente en canto á produción de moluscos e outros organismos mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con total garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnico destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.



3 VIXENCIA DO CONTRATO

A vixencia do presente contrato de xestión comezará o 1 de xaneiro de 2021, logo da súa aprobación polo Consello da Xunta, e estenderase ata o 31 de decembro de 2023.

4 MISIÓN E VISIÓN

Misión

Aplicar as disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e asesorar a Administración da Comunidade autónoma de Galicia sobre pesca, marisqueo e acuicultura, no ámbito das zonas de producción en augas competencia desta Comunidade Autónoma, así como nos episodios de contaminación mariña accidental que se produzan ou afecten ao litoral.

Visión

Manter o máximo nivel de calidade do control do medio mariño no ámbito das zonas de producción en augas competencia desta Comunidade autónoma e incrementar o coñecemento sobre o medio mariño.

5 OBXECTIVOS

Os obxectivos que se persegueñ están definidos na Lei de creación do Intecmar, na que se establece que este é o instrumento da Administración da Comunidade autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, polo que foi designado laboratorio de control oficial para determinados ensaios. Esta designación obriga o Intecmar a estar acreditado pola ENAC para a realización de análises físico-químicas, microbiolóxicas, virolóxicas, patolóxicas e toxicolóxicas en moluscos bivalvos e outros produtos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

O nivel de exixencia dos programas de control levados a cabo polo Intecmar é máximo, e despois de anos mellorando e optimizánndoos acadouse un nivel de excelencia na calidade das funcións realizadas, que supón que o obxectivo xa non pode continuar aumentando o número de mostras ou ensaios realizados, senón manter ese alto nivel, sempre dependente das dificultades na recollida das mostras derivadas de factores externos imprevistos, coma as inclemencias meteorolóxicas.

Co seu labor, o Intecmar pretende:



- A) O cumprimento estrito da lexislación vixente -europea, estatal e autonómica- no que se refire o control e calidade das zonas de producción.
- B) O coñecemento completo das características do medio para:
 - Asegurar unha calidade suficiente para a explotación dos recursos.
 - Controlar as posibles fontes de alteración ambiental que poidan prexudicar a calidade das augas.
- C) A potenciación de novas estratexias de explotación e comercialización dos recursos para:
 - Minimizar as perdas económicas derivadas dos procesos tóxicos naturais.
 - Minimizar as consecuencias provocadas por unha perda de calidade das augas.
- D) Asegurar a óptima calidade e total garantía sanitaria dos recursos mariños sometidos a explotación para:
 - Salvagardar a saúde pública.
 - Acadar altas cotas de competitividade nos mercados nacionais e internacionais.

A consecución dos obxectivos que se detallan neste apartado depende da dispoñibilidade que teña o Intecmar dos recursos necesarios. En concreto, é imprescindible contar con persoal axeitado, que no momento da aprobación deste contrato resulta insuficiente e esixe a creación de polo menos tres prazas no cadre de persoal do Instituto.

Obxectivos estratéxicos

Con estas premisas formúlanse os seguintes obxectivos estratéxicos:

A. XESTIONAR DE FORMA EFICIENTE AS REDES DE CONTROL DO INTECMAR

A normativa europea relativa ao control técnico-sanitario dos produtos de mar está deseñada para protexer o consumidor fronte aos riscos derivados da presenza nos organismos mariños de biotoxinas e de substancias contaminantes. O Intecmar dispón de varias redes de control para obter información sobre a salubridade dos organismos mariños cultivados ou capturados nas zonas de producción das augas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das propias enfermidades dos moluscos.

B. DESENVOLVER FERRAMENTAS PARA MELLORAR A OBSERVACIÓN DO OCÉANO E OFRECER ASESORAMENTO NA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL





A Xunta de Galicia dispón dun plan para protexer as persoas, o medio ambiente e os bens que poidan resultar afectados por calquera continxencia derivada dun episodio de contaminación mariña accidental. O Plan CAMGAL constitúe o instrumento mediante o que a Xunta de Galicia determina o protocolo de actuación dos distintos departamentos da Comunidade Autónoma que teñen competencia directa nas actuacións deste, e tamén vincula a actuación ou participación doutras administracións neste tipo de sucesos. O Plan CAMGAL intégrase ademais na resposta establecida pola Administración xeral do Estado, segundo se recolle no Sistema Nacional de Resposta.

C. MANTER A ACREDITACIÓN DE ENAC

Este obxectivo estratéxico está dirixido a cumplir á normativa europea relativa aos controis oficiais, que obriga o Intecmar a estar acreditado segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17.025, titulada "Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e calibración". Esta norma, que ten como obxectivo promover a confianza nos traballos realizados polos laboratorios, contén requisitos que permiten a estes demostrar que operan de xeito competente e que teñen a capacidade de acadar resultados válidos.

Obxectivos operativos e actuacións

A. XESTIONAR DE FORMA EFICIENTE AS REDES DE CONTROL DO INTECMAR

A1 – Manter a cobertura espacial e temporal da rede de estacións oceanográficas localizadas nas rías de Vigo, Pontevedra, Arousa, Muros-Noia e Ares-Betanzos e da rede de estacións costeiras localizadas ao longo da costa de Galicia.

Para acadar este obxectivo operativo, defínense as seguintes **actuacións**:

A1.1 – Toma de mostras semanal desde embarcación da rede de estacións oceanográficas. Rregistro de variables ambientais (temperatura, salinidade, pH, osíxeno, fluorescencia, transmitancia e irradiancia) en cada estación con batisondas CTD. Recollida de mostras de auga.

Indicador: número de mostraxes realizadas por ano.

Valor acadado no ano 2020: 1.987

Obxectivo:

Ano 2021:	2.012
Ano 2022:	2.012
Ano 2023:	2.012

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar.





Destinatarios: Consellería do Mar; Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia; entidades e empresas do sector produtivo.

Observacións: calcúlase multiplicando 43 estacións oceanográficas por 52 semanas, asumindo unha eficiencia do 90 %.

A1.2 – Realizar análises da concentración de nitrato, nitrito, amonio, fosfato, silicato, fósforo total, nitróxeno disolto total e carbono orgánico disolto nas mostras de auga recollidas na rede de estacións oceanográficas e costeiras do Intecmar.

Indicador: número de análises realizadas por ano.

Valor acadado no ano 2020: 38.440

Obxectivo:

Ano 2021:	38.440
Ano 2022:	38.440
Ano 2023:	38.440

Responsable: xefe da Unidade de Bioxeoquímica do Intecmar.

Destinatarios: Consellería do Mar; Augas de Galicia; entidades e empresas do sector produtivo.

Observacións: estímase que as análises medias das mostras das 43 estacións oceanográficas son 30.000 nutrientes (nitrato e nitrito; amonio, fosfato e silicato), (120 mostras x 50 semanas x 5 nutrientes), 4.000 carbono orgánico disolto e nitróxeno disolto total (40 mostras x 50 semanas x 2 nutrientes orgánicos) e 1.440 fósforo total (120 mostras x 12 semanas x 1 nutriente total). As análises medias das mostras das 18 estacións costeiras son 3.000 nutrientes (nitrato, nitrito, fosfato e silicato), (15 mostras x 50 semanas x 4 nutrientes).

A1.3 – Realizar análise cuantitativa e cualitativa de células de fitoplancto e concentración de pigmentos (clorofilas a, b, c) nas mostras de auga recollidas nas redes de estacións oceanográficas e costeiras do Intecmar.

Indicador: número de análises realizadas por ano.

Valor acadado no ano 2020: 13.069

Obxectivo:

Ano 2021:	14.274
Ano 2022:	14.274
Ano 2023:	14.274

Responsables: xefes da Unidade de Oceanografía e Fitoplancio do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: calcúlase multiplicando as estacións (43 oceanográficas e 18 costeiras) por 52 semanas e por 5 determinacións de variables por estación, asumindo unha





eficiencia do 90 %.

A2 – Manter a cobertura espacial e temporal das redes de control de biotoxinas, microbioloxía e contaminación química, das zonas de producción de moluscos distribuídas polo litoral de Galicia.

Para acadar este obxectivo operativo, establecense as seguintes **actuacións**:

A2.1 – Toma de mostras das zonas de producción de moluscos cultivados en bateas. Recollida de mexillón e ostra, e de mostras de auga para análise cualitativo de fitoplancto.

Indicador: número de saídas para a recollida de mostras realizadas polo equipo de mostraxe do Intecmar.

Valor acadado no ano 2020: 822

Obxectivo:

Ano 2021:	936
Ano 2022:	936
Ano 2023:	936

Responsable: xefe da Unidade de Mostraxe e Ecofisioloxía do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: calcúlase multiplicando 4 saídas diarias para a recollida de mostras por 5 xornadas semanais e por 52 semanas, asumindo unha eficiencia do 90 %.

A2.2 – Analizar a concentración de biotoxinas lipofílicas, paralizantes (PSP) e amnésicas (ASP) nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.

Indicador: número de análises de biotoxinas mariñas realizadas por ano.

Valor acadado no ano 2020: 10.608


Obxectivo:

Ano 2021:	10.600
Ano 2022:	10.600
Ano 2023:	10.600

Responsables: xefes da Unidade de Biotoxinas do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: variable en función da afectación das zonas de producción por episodios de biotoxinas mariñas, cun mínimo dunha análise de cada tipo de toxinas semanal por zona de producción, é dicir 6.396 (41 zonas multiplicado por 52 semanas e por 3 tipos de toxinas); non obstante, tendo en conta a variabilidade derivada da posible





afectación das zonas de producción por episodios de biotoxinas mariñas, propone a media das análises realizadas nos últimos 10 anos (2011-2020).

A2.3 – Realizar análises para a detección de *E. coli* nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.

Indicador: número de análises de contaminación microbiolóxica realizadas por ano.

Valor acadado no ano 2020: 1.894

Obxectivo:

Ano 2021:	1.800
Ano 2022:	1.800
Ano 2023:	1.800

Responsable: xefe da Unidade de Microbioloxía e Viroloxía do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: variable en función da afectación das zonas de producción por vertidos e/ou outros eventos de contaminación microbiolóxica, fallos nas EDAR ou pozos de tormenta, e outros. As análises poden complementarse con análise de contaminación vírica dos moluscos (principalmente ostras), aínda que polo momento non é obligatoria segundo a lexislación en vigor. Mínimo 1800 ensaios/ano aproximados. Tamén se analiza *Salmonella* spp nas mostras procedentes de zonas de producción de clase A, das que os moluscos poden ir a consumo directo. Mínimo 220 ensaios/ano aproximados.

Realízanse ademais ensaios de *E. coli* dos lotes de moluscos reinstalados, que varía en función da actividade das confrarías.

Tendo en conta ás variables que afectan, propone a media das análises realizadas nos últimos 10 anos (2011-2020).

A2.4 – Analizar a concentración de hidrocarburos aromáticos policíclicos nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.

Indicador: número de análises de hidrocarburos realizadas por ano.

Valor acadado no ano 2020: 1.336

Obxectivo:

Ano 2021:	1.300
Ano 2022:	1.300
Ano 2023:	1.300

Responsable: xefe da Unidade de Hidrocarburos do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: as análises poden intensificarse en zonas con eventos de contaminación accidental para avaliar o grao de afectación nos moluscos.



A2.5 – Analizar a concentración de compostos organoclorados (policlorobifenilos [PCBs], dioxinas, furanos e pesticidas) nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.

Indicador: número de análises de compostos organoclorados realizadas por ano.

Valor acadado no ano 2020: 2.328

Obxectivo:

Ano 2021:	1.680
Ano 2022:	1.680
Ano 2023:	1.680

Responsable: xefe da Unidade de Organoclorados do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: o número de análises obxectivo estímase multiplicando o número de mostras polo número de analitos, é dicir, 65 (número de mostras da rede de organoclorados) x 24 (10 conxéneres de PCBs e 14 de pesticidas) + 6 (número de mostras da rede de dioxinas e furanos) x 20 (17 conxéneres de dioxinas e furanos e 3 conxéneres de PCBs similares ás dioxinas). No ano 2020, o número de análises superou o previsto por mor de pequenos vertidos, da mortalidade nalgúnsas especies ou da realización de novos estudos, que obrigaron a aumentar as mostras para análise.

A2.6 – Analizar a concentración de metais pesados (mercurio, cadmio, chumbo, prata, arsénico, cromo, cobre, níquel e zinc) nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.

Indicador: número de análises de metais pesados realizados por ano.

Valor acadado no ano 2020: 810

Obxectivo:

Ano 2021:	810
Ano 2022:	810
Ano 2023:	810

Responsable: xefe da Unidade de Metais Pesados do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: o valor do obxectivo anual calcúlase estimando 100 mostras e multiplicando por 9 metais, asumindo unha eficiencia do 90 %.

A3 – Manter a cobertura espacial e temporal da rede de control de patoloxía de moluscos nas zonas de producción de moluscos distribuídas polo litoral de Galicia.

Para acadar este obxectivo operativo, establecense as seguintes **actuacións**:





A3.1 – Analizar a prevalencia de patóxenos nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.

Indicador: número de análises histopatolóxicas realizadas por ano.

Valor acadado no ano 2020: 2.730

Obxectivo:

Ano 2021:	6.000
Ano 2022:	6.000
Ano 2023:	6.000

Responsable: xefe da Unidade de Patoloxía do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: no ano 2020 o número de análises realizadas foi inferior á media dos últimos anos por mor da situación de emergencia derivada da pandemia da COVID-19 que motivou o peche do laboratorio na época forte de entrada de muestras e eliminación dunha das dúas mostraxes anuais.

A4 – Incrementar o coñecemento científico-técnico necesario para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Para acadar este obxectivo operativo, establecense as seguintes **actuacións**:

A4.1 – Participación como socio en proxectos de investigación relacionados coa xestión dos recursos mariños e a calidade das augas.

Indicador: número de proxectos en vigor.

Valor acadado no ano 2020: 3

Obxectivo:

Ano 2021:	2
-----------	---

Responsables: xefes das Unidades técnicas do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: no ano 2021 remata a participación do Intecmar como socio en proxectos de investigación con financiamento europeo que se iniciaron no marco financeiro 2014-2020. Estímase que se van convocar novos proxectos no marco temporal 2021-2030, nos que Intecmar vai poder participar e que non se inclúen neste contrato porque no momento de aprobación deste, non acadaron a fase final do proceso de adxudicación.

B. DESENVOLVER FERRAMENTAS PARA MELLORAR A OBSERVACIÓN DO OCÉANO E OFRECER ASESORAMENTO NA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL





B1 – Actuar como asesor do Plan CAMGAL (concretamente das Unidades de Observación Próxima e de Documentación e Apoio Científico).

Para acadar este obxectivo operativo, establecense as seguintes **actuacións**:

B1.1 – Manter operativas as 6 estacións automáticas do Intecmar/Cetmar/MeteoGalicia que forman parte do Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia e as 2 estacións radar HF.

Indicador: Número estacións de medición operativas durante o ano.

Valor acadado no ano 2020: 7 (5 estacións automáticas e 2 estacións radar HF).

Obxectivo:

Ano 2021:	7
Ano 2022:	7
Ano 2023:	7

Responsables: xefes das Unidades técnicas do Intecmar (UMO e UDAC).

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Observacións: Aínda que o número de estacións é de 8 (6 estacións oceanográficas + 2 antenas radar HF), fíxase o obxectivo de manter 7 operativas asumindo o fallo temporal do equivalente a unha estación ao ano.

B1.2 – Atender a solicitude de predición de derivas do Centro de Coordinación Operativa (CECOP) no momento en que se activa o Plan Camgal.

Indicador: porcentaxe de predicións de derivas realizadas das requiridas polo CECOP.

Valor acadado no ano 2020: 100 %

Obxectivo:

Ano 2021:	80 %
Ano 2022:	80 %
Ano 2023:	80 %

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar (UMO e UDAC).

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Centros Zonais de Coordinación de Salvamento Marítimo.

Observacións: estímase unha eficacia do 80 % que depende necesariamente da dispoñibilidade de persoal técnico cualificado.

B1.3 – Participación activa nos exercicios de adestramento contemplados no Plan CAMGAL e outros plans de emergencia relacionados coa contaminación mariña.





XUNTA DE GALICIA

Indicador: porcentaxe de asistencia ás revisións de plans interiores marítimos, plans locais e exercicios de preparación e loita contra a contaminación mariña accidental.

Valor acadado no ano 2020: 95 %

Obxectivo:

Ano 2021:	80 %
Ano 2022:	80 %
Ano 2023:	80 %

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar (UMO e UDAC).

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Centros Zonais de Coordinación de Salvamento Marítimo.

Observacións: estímase unha eficiencia do 80 % derivada da dispoñibilidade de persoal técnico cualificado.

B1.4 – Participación como socio en proxectos de investigación relacionados coa loita contra a contaminación mariña.

Indicador: número de proxectos de investigación.

Valor acadado no ano 2020: 4

Obxectivo:

Ano 2021:	2
Ano 2022:	1
Ano 2023:	1

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar.

Observacións: no ano 2021 remata a participación do Intecmar como socio en proxectos de investigación con financiamento europeo que se iniciaron no marco financeiro 2014-2020, como o proxecto *Radar on Raia*. Estímase que se van convocar novos proxectos no marco temporal 2021-2030, nos que Intecmar vai poder participar e que non se inclúen neste contrato porque no momento de aprobación deste non acadaron a fase final do proceso de adxudicación.

C. MANTER A ACREDITACIÓN OUTORGADA POLA ENTIDADE NACIONAL DE ACREDITACIÓN (ENAC)

Defínense os seguintes **obxectivos operativos**:

C1 – Superar as auditorías realizadas por ENAC que garantan manter a acreditación dos ensaios do anexo técnico nº 160/LE394 segundo os criterios recollidos na norma UNE-EN ISO/IEC 17025.





Para acadar este obxectivo operativo establecense, as seguintes **actuacións**:

C1.1 – Reducir o número de non conformidades maiores por cada auditoría realizada por ENAC.

Indicador: número de non conformidades maiores detectadas en cada auditoría.

Valor acadado no ano 2020: 3

Obxectivo:

Ano 2021:	<3
Ano 2022:	<2
Ano 2023:	<2

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería de Sanidade.

Observacións: a redución do número de non conformidades detectadas por ENAC é o resultado da mellora continua do sistema de xestión de calidade de Intecmar.

C2 – Plan de mantemento e modernización das infraestruturas e equipos técnicos.

Para acadar este obxectivo operativo, establecense as seguintes **actuacións**:

C2.1 – Renovación dos vehículos do Intecmar destinados ás recollidas de mostras ao longo da costa de Galicia.

Indicador: Número de vehículos renovados.

Valor acadado no ano 2020: 0

Obxectivo:

Ano 2023:	6
-----------	---

Responsable: xefe da Unidade de Ecofisioloxía e Mostraxe.

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería de Sanidade.

Observacións: o Intecmar conta con oito vehículos tipo furgoneta para os desprazamentos diarios a distintos portos situados en toda a costa galega coa finalidade de recoller mostras de moluscos e auga necesarias para a rede de control da producción, e un vehículo para os desprazamentos de todo o persoal por necesidades do servizo.

Da totalidade de vehículos, sete teñen máis de dez anos de antigüidade e máis de 200.000 quilómetros, polo que resulta imprescindible a súa renovación, xa que supón un alto risco de avarías, elevado consumo e forte grao de contaminación.

C2.2 – Renovación dos equipos de laboratorio do Intecmar destinados á realización



de análises de mostras.

Indicador: número de equipos de laboratorio renovados.

Valor acadado no ano 2020: 2

Obxectivo:

Ano 2021:	4
Ano 2022:	4
Ano 2023:	2

Responsables: xefes das unidades técnicas do Intecmar

Destinatarios: entidades e empresas do sector produtivo; Consellería do Mar; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería de Sanidade.

Observacións: os cambios de métodos analíticos derivados de cambios na normativa ou melloras na tecnoloxía, xunto coa obsolescencia dos equipos actuais para os que non existen repuestos por mor da súa antigüidade, fan imprescindible a renovación destes, co fin de cumplir a normativa vixente que aplica ao Intecmar.

C3 – Plan de dixitalización

Para acadar este obxectivo operativo, establecéncense as seguintes **actuacións**:

C3.1 – Plan de mellora, modernización e integración dos sistemas e equipos informáticos.

Indicador: número de sistemas e equipos informáticos actualizados.

Valor acadado no ano 2020: 11

Obxectivo:

Ano 2021:	11
Ano 2022:	9
Ano 2023:	10

Responsable: Dirección do Intecmar.

Destinatario: Intecmar.

Observacións: adquisición e posta en funcionamento dos sistemas e equipos informáticos suxeridos na auditoría de situación realizada dentro do plan de mellora e actualización dos sistemas informáticos.

C3.2 – Implementación dun software dixital para o control dos documentos e rexistros do Sistema de Xestión da Calidade.

Indicador: número de sistemas ou aplicacións dixitais instaladas.

Valor acadado no ano 2020: 0

Obxectivo:

Ano 2021:	1
-----------	---





XUNTA DE GALICIA

Ano 2022:	1
Responsable: xefe da Unidade de Xestión da Calidade.	
Destinatario: Intecmar.	
Observacións: adquisición e posta en funcionamento dunha aplicación informática de xestión do sistema de calidade interna do Intecmar, baixo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025.	



Cadro de mando

OBXECTIVOS EXTRATÉXICOS / OBXECTIVOS OPERATIVOS /Actuacións	MARCO TEMPORAL
A. XESTIONAR DE FORMA EFICIENTE AS REDES DE CONTROL DO INTECMAR	
A1 - Manter a cobertura espacial e temporal da rede de estacións oceanográficas localizadas nas rías de Vigo, Pontevedra, Arousa, Muros-Noia e Ares-Betanzos e da rede de estacións costeiras localizadas ao longo da costa de Galicia	
A1.1 – Toma de mostras semanal desde embarcación da rede de estacións oceanográficas. Rexistro de variables ambientais (temperatura, salinidade, pH, osíxeno, fluorescencia, transmitancia e irradiancia) en cada estación con batisondas CTD. Recollida de mostras de auga.	2021-2023
A1.2 – Realizar análises da concentración de nitrato, nitrito, amonio, fosfato, silicato, fósforo total, nitróxeno disolto total e carbono orgánico disolto nas mostras de auga recollidas na rede de estacións oceanográficas e costeiras do Intecmar.	2021-2023
A1.3 – Realizar análise cuantitativa e cualitativa de células de fitoplancto e concentración de pigmentos (clorofilas a, b, c) nas mostras de auga recollidas nas redes de estacións oceanográficas e costeiras do Intecmar.	2021-2023
A2 – Manter a cobertura espacial e temporal das redes de control de biotoxinas, microbioloxía e contaminación química, das zonas de producción de moluscos distribuídas polo litoral de Galicia.	
A2.1 – Toma de mostras das zonas de producción de moluscos cultivados en viveiros flotantes. Recollida de mexillón e ostra, e de mostras de auga para análise cualitativo de fitoplancto.	2021-2023
A2.2 – Analizar a concentración de biotoxinas lipofílicas, paralizantes (PSP) e amnésicas (ASP) nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.	2021-2023
A2.3 – Realizar análises para a detección de <i>E. coli</i> nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.	2021-2023
A2.4 – Analizar a concentración de hidrocarburos aromáticos policíclicos nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.	2021-2023
A2.5 – Analizar a concentración de compostos organoclorados (policlorobifenilos [PCBs], dioxinas, furanos e pesticidas) nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.	2021-2023
A2.6 – Analizar a concentración de metais pesados (mercurio, cadmio, chumbo, prata, arsénico, cromo, cobre, níquel e zinc) nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia.	2021-2023





A3 – Manter a cobertura espacial e temporal da rede de control de patoloxía de moluscos nas zonas de producción de moluscos distribuídas polo litoral de Galicia.

A3.1 – Analizar a prevalencia de patóxenos nas mostras de moluscos procedentes das zonas de producción de Galicia. 2021-2023

A4 – Incrementar o coñecemento científico-técnico necesario para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

A4.1 – Participación como socio en proxectos de investigación relacionados coa xestión dos recursos mariños e a calidade das augas. 2021

B. DESENVOLVER FERRAMENTAS PARA MELLORAR A OBSERVACIÓN DO OCÉANO E OFRECER ASESORAMENTO NA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL

B1 – Actuar como asesor do Plan CAMGAL (concretamente das Unidades de Observación Próxima e de Documentación e Apoio Científico).

B1.1 – Manter operativas as estacións automáticas do Intecmar/Cetmar/MeteoGalicia que forman parte do Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia. 2021-2023

B1.2 – Atender a solicitude de predición de derivas do Centro de Coordinación Operativa (CECOP) no momento en que se activa o Plan Camgal. 2021-2023

B1.3 – Participación activa nos exercicios de adestramento contemplados no Plan CAMGAL e noutros plans de emerxencia relacionados coa contaminación mariña. 2021-2023

B1.4 – Participación como socio en proxectos de investigación relacionados coa loita contra a contaminación mariña. 2021-2023

C. MANTER A ACREDITACIÓN OUTORGADA POLA ENTIDADE NACIONAL DE ACREDITACIÓN (ENAC)

C1 – Superar as auditorías realizadas por ENAC que garantan manter a acreditación dos ensaios do anexo técnico nº 160/LE394 segundo os criterios recollidos na norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

C1.1 – Reducir o número de non conformidades maiores por cada auditoría realizada por ENAC 2021-2023

C2 – Plan de mantemento e modernización das infraestruturas e equipos técnicos.

C2.1 – Renovación dos vehículos do Intecmar destinados ás recollidas de mostras ao longo da costa de Galicia 2023

C2.2 – Renovación dos equipos de laboratorio do Intecmar destinados á realización de análises de mostras. 2021-2023

C3 – Plan de dixitalización





C3.1 – Plan de mellora, modernización e integración dos sistemas e equipos informáticos.	2021-2023
C3.2 – Implementación dun software dixital para o control dos documentos e rexistros do Sistema de Xestión da Calidade.	2021-2022

Actuación	2021	2022	2023	INDICADOR	FONTE	OBX
A1.1			→	Número de mostraxes realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	2.012 (por 3)
A1.2			→	Número de análises de nutrientes realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	38.440 (por 3)
A1.3			→	Número de análises de fitoplancto e pigmentos realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	14.274 (por 3)
A2.1			→	Número de saídas para recollida de mostras por parte do equipo de mostaxe	Aplicación Xestión Integral	936 (por 3)
A2.2			→	Número de análises de biotoxinas mariñas realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	10.600 (por 3)
A2.3			→	Número de análises de contaminación microbiolóxica realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	1.800 (por 3)
A2.4			→	Número de análises de hidrocarburos realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	1.300 (por 3)
A2.5			→	Número de análises de compostos organoclorados realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	1.680 (por 3)
A2.6			→	Número de análises de metais pesados realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	810 (por 3)
A3.1			→	Número de análises histopatolóxicas realizadas por ano	Aplicación Xestión Integral	6.000 (por 3)
A4.1	→			Número de proxectos en vigor	Aplicación Xestión Proxectos	2
B1.1			→	Número estacións automáticas de medición operativas durante o ano	Páxina web Intecmar	7 (por 3)
B1.2			→	Porcentaxe de predicións de derivas realizadas das requiridas polo CECOP	Informe anual Unidade Modelado Oceanográfico	80 % (por 3)
B1.3			→	Porcentaxe de asistencia ás revisións de plans interiores marítimos, plans locais, e exercicios de preparación e loita contra a contaminación mariña accidental	Informe anual Unidade Documentación e Apoio Científico	80 % (por 3)
B1.4			→	Número de proxectos de investigación	Aplicación Xestión Proxectos	2 – 1 - 1
C1.1			→	Número de non conformidades maiores detectadas en cada auditoría	Informe anual Unidade xestión da Calidade	<3 <2 <2
C2.1			→	Número de vehículos renovados	Informe anual Xerencia	6
C2.2			→	Número de equipos de laboratorio renovados	Informe anual Xerencia	4 – 4 - 2
C3.1			→	Número de sistemas e equipos informáticos actualizados	Informe anual Unidade Integración de Equipos Analíticos e Apoyo	11 – 9 - 10



27



C3.2		Número de sistemas ou aplicacións dixitais instaladas	aos Laboratorios Informe anual Unidade Integración de Equipos Analíticos e Apoio aos Laboratorios	1 - 1
------	--	---	---	-------

6 MARCO XERAL DE RECURSOS HUMANOS

O factor humano constitúe un elemento básico para a actividade do instituto, por iso o persoal do Intecmar atópase debidamente cualificado e dispón da experiencia necesaria para o desemprego das súas respectivas funcións e recibe unha formación adecuada e continua que lle permite incrementar a súa eficacia individual e colectiva.

Para o desenvolvemento dos servizos, programas e obxectivos que se detallan neste contrato programa e durante a súa vixencia, as partes comprométense a achegar os recursos humanos necesarios segundo o descrito neste documento e a levar a cabo as modificacións que se decidan de común acordo.

O Intecmar conta con dous tipos de persoal: persoal laboral propio, un total de 55 postos do cadre de persoal, e persoal funcionario de carreira e laboral, da Consellería do Mar, adscrito a este Instituto, un total de 30 postos. Estes últimos postos están recollidos na Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de agosto de 2018 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería do Mar.

O persoal laboral propio do Intecmar réxese polo V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto na disposición transitoria quinta da Lei de creación.

O cadre de persoal vixente foi aprobado o 5 de setembro de 2019 polo Consello de Administración do Intecmar, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Dirección Xeral da Función Pública, dependentes da Consellería de Facenda e Administración Pública.

No momento da aprobación deste contrato e durante a vixencia deste, identifícase a necesidade de ampliar o cadre de persoal do Intecmar nun mínimo de tres postos de traballo:

- Un xefe de unidade para a Unidade de Microbioloxía e Viroloxía; logo do esforzo realizado para acadar, en xullo de 2019, a acreditación da técnica de detección de norovirus en ostras, é imprescindible a creación deste posto, para que o





Intecmar sexa quen de aplicar esta técnica nos programas de control das zonas de producción de moluscos para aumentar a seguridade alimentaria.

- Un auxiliar de laboratorio para a Unidade de Hidrocarburos, que non dispón de ningún posto desta categoría, polo que o persoal analista da unidade ten que asumir tanto as tarefas propias do seu posto de analista como as tarefas do posto de auxiliar, o cal resta eficacia ao seu traballo.
- Un xefe para a Unidade de Integración de Equipos Analíticos e apoio aos Laboratorios, que non dispón de ningún posto destas características e resulta ser unha unidade fundamental e transversal dentro do Intecmar.

A creación dos postos de traballo no cadre de persoal do Intecmar está condicionada á existencia de postos de traballo amortizables na relación de postos de traballo da Consellería do Mar durante a vixencia deste contrato programa, que servirán para financiar esta creación.

7 MARCO ECONÓMICO-FINANCIERO

A execución do contrato programa sitúase nun marco económico financeiro inestable provocado en gran medida pola pandemia sanitaria mundial da COVID-19, que se iniciou no primeiro trimestre do ano 2020. Esta situación excepcional fai prever o comezo dunha crise económica, se ben é certo que a posibilidade de recibir fondos de recuperación da Unión Europea permite estimar que o Intecmar vai dispor dos recursos necesarios para acadar os obxectivos establecidos neste contrato programa, o cal pode supoñer un lixeiro incremento do volume de gasto.

A proxección estimativa de gastos do Intecmar durante o triénio de duración do contrato é a seguinte:

ORZAMENTO: GASTOS	ORZAMENTOS 2021	ORZAMENTOS 2022	ORZAMENTOS 2023
CAPÍTULO I - Gastos persoal	2.320.115,00	2.320.115,00	2.440.019,00
CAPÍTULO II - Gastos correntes	642.934,00	652.284,00	652.234,00
CAPÍTULO VI - Gastos investimentos	930.786,00	864.470,00	829.965,00
FCA libre	828.353,00	825.969,00	829.965,00
FCA Cofinanciamento	23.298,00	5.775,00	0,00
Outros Fondos Europeos	79.135,00	32.726,00	0,00
TOTAL	3.893.835,00	3.836.869,00	3.922.218,00

A proxección estimativa de ingresos durante o mesmo período é a seguinte:



ORZAMENTO: INGRESOS	ORZAMENTOS 2021	ORZAMENTOS 2022	ORZAMENTOS 2023
Taxas servizos profesionais	52.000,00	52.000,00	52.000,00
FCA-corrente-FP - CAP I	2.303.947,00	2.316.992,93	2.442.319,22
FCA-corrente-FP - CAP II	590.934,00	597.874,77	597.933,78
FCA-de capital-FP-CAP VI	851.651,00	831.744,00	829.965,00
Outros F.E. CAP II	16.168,00	5.531,30	0,00
Outros F.E. CAP VI	79.135,00	32.726,00	0,00
TOTAL	3.893.835,00	3.836.869,00	3.922.218,00

A proxección estimativa dos gastos distribuída entre obxectivos estratéxicos queda como segue:

A. XESTIONAR DE FORMA EFICIENTE AS REDES DE CONTROL DO INTECMAR			
ORZAMENTO: GASTOS	ORZAMENTOS 2021	ORZAMENTOS 2022	ORZAMENTOS 2023
CAPÍTULO I - Gastos persoal	1.991.289,56	1.991.289,56	2.104.940,00
CAPÍTULO II - Gastos correntes	532.455,23	510.839,14	532.455,24
CAPÍTULO VI - Gastos investimentos	742.986,20	777.868,92	778.085,48
TOTAL	3.266.730,99	3.279.997,62	3.415.480,72

B. DESENVOLVER FERRAMENTAS PARA MELLORAR A OBSERVACIÓN DO OCEÁNO E OFRECER ASESORAMENTO NA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL			
ORZAMENTO: GASTOS	ORZAMENTOS 2021	ORZAMENTOS 2022	ORZAMENTOS 2023
CAPÍTULO I - Gastos persoal	259.885,08	259.885,08	264.799,00
CAPÍTULO II - Gastos correntes	81.704,74	78.939,89	81.704,74
CAPÍTULO VI - Gastos investimentos	161.162,70	76.293,92	40.762,48
TOTAL	502.752,52	415.118,89	387.266,22

C. MANTER A ACREDITACIÓN DE ENAC			
ORZAMENTO: GASTOS	ORZAMENTOS 2021	ORZAMENTOS 2022	ORZAMENTOS 2023
CAPÍTULO I - Gastos persoal	68.940,36	68.940,36	70.280,00
CAPÍTULO II - Gastos correntes	28.774,02	62.504,97	38.074,02
CAPÍTULO VI - Gastos investimentos	16.577,10	10.307,16	11.117,04
TOTAL	114.291,48	141.752,49	119.471,06



30

A cobertura de hipotéticos déficits deberá elevarse ao Consello de Administración un informe explicativo das causas das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que o dito déficit poida repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados así como, sé é o caso, as necesarias modificacións que como consecuencia de devanditos déficits deban introducirse no contrato programa e o alcance destas.

8 COMPROMISOS DAS PARTES

Por parte de Xunta de Galicia:

- Achegar os recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos do Intecmar, segundo o establecido no contrato programa, e recollidos nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Prestar os apoios e as infraestruturas necesarios para a xestión ordinaria do Intecmar.

Por parte do Intecmar:

- Acadar o cumprimento dos obxectivos establecidos no contrato programa.
- Aplicar as disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e asesorar a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de producción en augas competencia desta Comunidade Autónoma.

9 COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL

Constitúese unha Comisión de seguimento e control que estará integrada por catro persoas:

- unha representante da consellería competente en materia de planificación e orzamentos que exercerá a presidencia da Comisión;
- unha representante da consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa;
- unha representante da Consellería do Mar ;





- unha representante do Intecmar, que exercerá as funcións de secretaría da comisión.

Esta Comisión de seguimento e control elaborará anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do contrato programa, coas propostas de adaptación dos compromisos para o ano seguinte, se fose necesario.

Así mesmo, antes do final do período de vixencia do contrato programa, esta comisión elaborará un informe global sobre o seu grao de cumprimento e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.

Para o correcto exercicio das súas funcións, a Comisión de Seguimento e Control reunirse semestralmente e sempre que un dos seus membros o solicite. A programación das reunións farase de forma que permita facer o seguimento do peche e o inicio do orzamento.

10 BENEFICIOS E RESPONSABILIDADES

O Intecmar adecuará a súa actuación ao presente contrato programa, de conformidade cos obxectivos e accións detalladas, durante o período que corresponde á vixencia do contrato.

Para avaliar o súa efectividade, establecense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución se cuantifica a través dun número finito de indicadores, de tal forma que se entenderá que o Intecmar desenvolveu con éxito o contrato programa se polo menos dá cumprimento ao 75 % dos seus obxectivos estratéxicos.

Acádase un obxectivo estratéxico cando se obtén un resultado favorable, como mínimo, no 60 % dos obxectivos operativos que forman parte do obxectivo estratéxico.

Os indicadores recollidos neste contrato son a ferramenta que se utilizará para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, e será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, no 50 % do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.

O persoal directivo do Intecmar, ao que se refire o artigo 8 da Lei de creación do Intecmar, estará suxeito a esixencias de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos.



Existirá responsabilidade do persoal directivo responsable cando a porcentaxe de obxectivos incumpridos exceda do 50 % do total de obxectivos operativos correspondentes á súa área de actividade.

Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen ou non se levan a cabo por causas independentes da vontade e actividade do Intecmar.

En caso de incumprimento, o Consello de Administración, por iniciativa propia ou por proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor de responsabilidade antedito, poderá apercibir formalmente ás persoas responsables de área.

En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apercibimento dalgún membro do equipo directivo, o Consello de administración poderá aprobar o seu cesamento, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Doutra banda, no caso de que se acade ou supere o valor estándar do 80 % dos indicadores relativos aos obxectivos operativos asociados a cada área do Intecmar, de conformidade co previsto no presente contrato programa plurianual, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Consello de Administración estime axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

11 PROCEDEMENTO PARA A INTRODUCIÓN DE MODIFICACIÓNNS OU ADAPTACIÓNNS

As modificaciónns ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura do contrato programa, serán aprobadas polo Consello de Administración.

Entenderase que as modificaciónns afectan á estrutura do contrato programa nos seguintes casos:

- Os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen substancialmente ao Intecmar do financiamento previsto neste contrato programa.
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos, operativos ou ambos.



- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 40 % do valor fixado (sexá un valor numérico ou temporal).

Nestes supostos procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato programa.

12 OUTROS

No desenvolvemento da súa actividade, o Intecmar colabora con numerosas institucións e organizacións de diferentes ámbitos, tal como se indica a continuación.

No eido das redes de control, mantense unha relación mutua de dependencia coas organizacións do sector marisqueiro e acuicultor e cos distintos departamentos da Consellería do Mar, como a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia e Portos de Galicia. Neste mesmo ámbito, a relación coa Consellería de Sanidade é salientable ao ser o Intecmar laboratorio de referencia autonómico para a análise de mostras de biotoxinas recollidas polos servizos veterinarios oficiais da Consellería de Sanidade. Así mesmo, o Intecmar vinculado á seguridade alimentaria, o que deriva en que forma parte da Rede Integrada de Laboratorios de Interese en Saúde Pública (REDGALICIA) coordinada pola Consellería de Sanidade.

O Intecmar colabora con Augas de Galicia na avaliación do impacto no medio mariño das actuacións de mantemento programadas nos sistemas de saneamento (estacións depuradoras e bombeo de augas residuais) que poden ocasionar vertidos ao medio mariño, mediante un protocolo de vertidos acordado entre esa entidade, a Consellería do Mar e o Intecmar. Tamén colabora formando parte do Consello Reitor de Augas de Galicia en representación da Consellería do Mar.

Dende o ano 2018, o Intecmar participa no proceso de compra pública de tecnoloxía innovadora denominado CIVIL UAVs INITIATIVE, liderado pola Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN). Neste proceso, formalizouse en decembro de 2018 o contrato de Compra Pública Innovadora MAR-2 para "Automatización de mostraxes oceanográficas mediante vehículos non tripulados" asinado entre GAIN e unha unión temporal de empresas. Tres persoas empregadas públicas do Intecmar forman parte do comité técnico de seguimento do proxecto, tanto na fase de creación da solución como na fase de operación.

No eido a seguridade alimentaria, encádranse tamén as relacions con autoridades estatais, como o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a Axencia Española



de Seguridade Alimentaria e os Laboratorios Nacional e Comunitario de Referencia en Biotoxinas Mariñas.

Mais alá das fronteiras estatais, o Intecmar colabora con institucións europeas, como a Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Unión Europea, participando en grupos de traballo relativos ás biotoxinas mariñas, ao seguimento do fitoplancto tóxico e a microbioloxía de moluscos, e mesmo achegando persoal experto en diferentes asuntos, cando son requiridos polos inspectores da Food and Veterinary Office.


No eido da oceanografía operacional, a relación é moi fluída coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través de Meteogalicia e coa Fundación Cetmar da Consellería do Mar, de xeito que as tres entidades traballan xuntas no mantemento e consolidación do Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia.

No eido da oceanografía operacional, é tamén salientable a relación coas autoridades portuarias de Galicia. Como exemplo desta relación, o Intecmar forma parte do Consello de Administración do Porto de Vilagarcía en representación da Xunta de Galicia, e no ano 2021, tramítase un acordo de colaboración coa Autoridade Portuaria da Coruña e Repsol Petróleo S.A. para a protección do medio mariño nas augas portuarias da Coruña.

No tocante á loita contra a contaminación mariña accidental, a principal relación é coa Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, xa que o Intecmar dá soporte científico-técnico ao Plan CAMGAL. A maiores, a colaboración coa Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR) é tamén relevante, ao participar Intecmar en exercicios de adestramento organizados por esta entidade na Comunidade Autónoma de Galicia e mesmo, noutras comunidades autónomas onde o Intecmar ten participado como convidado.

No eido da investigación, o Intecmar colabora con diversos centros de investigación (universidades, Instituto Español de Oceanografía, Consello Superior de Investigacións Científicas e outros) como socio en diferentes proxectos de investigación financiados a través de convocatorias públicas das distintas administracións en ámbitos como as biotoxinas mariñas, os contaminantes emergentes, o lixo mariño, os microplásticos, o cambio climático e as patoloxías dos moluscos.

No eido da formación, o Intecmar asinou un convenio coa Escola Galega de Administración Pública de Galicia para facilitar a formación das persoas traballadoras do Instituto. Ademais, asinou convenios coas tres universidades de Galicia (Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña) para que estudiantes desas universidades poidan realizar prácticas nos laboratorios do instituto. Neste mesmo ámbito, asinouse un



convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que estudantes de formación profesional das especialidades de acuicultura, laboratorio de análise e control de calidade poidan realizar as prácticas de empresa no Intecmar.

Ademais o Intecmar participa nos seguintes órganos colexiados:

- Consello de Administración do Porto de Vilagarcía
- Comisión do Mexillón
- Consello Reitor de Augas de Galicia
- Comisión Galega de Laboratorios.
- Consello Asesor de Investigación e Innovación de Galicia
- Grupo técnico de traballo sobre Cartografía Mariña da Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas
- Comisión de Coordinación Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía .

No ano 2020, a firma Price Water House Coopers Portugal (PwC Portugal), no marco dos premios Excellens Mare 2020, concedeu ao Intecmar o premio anual da categoría Natura Mare 2020, cun xurado formado por especialistas e asociacións relevantes no eido do mar, o cal supón un recoñecemento á excelencia e ao mérito de persoas ou entidades que actúan a favor da conservación e posta en valor do medio acuático.

